

CASTELAO E AS CRUCES DE PEDRA

XOSE CARLOS VALLE PEREZ
Museo de Pontevedra

A celebración dun Congreso conmemorativo do Centenario do Nacemento de Afonso Daniel Rodríguez Castelao preséntase como unha ocasión particularmente propicia para reflexionar sobre aspectos da súa persoalidade e da súa obra que ou non foron correctamente analizados ou, cando menos, suficientemente valorados ata o momento actual. Isto é o que sucede, ó meu modo de ver, coas súas decisivas contribucións ó coñecemento e protección das cruces de pedra, moi especialmente daquelas que conforman a súa versión máis sobresaínte e destacada, é dicir, o popular cruceiro, fenómeno que non deixa de resultar chamativo e incluso paradóxico ó reparar, como en tantas ocasións se dixo, que poucas veces se terá producido unha simbiose ou, se se quere, unha identificación inmediata tan notoria e evidente entre uns monumentos e un estudioso como a que, en Galicia, ten lugar aínda hoxe entre Castelao e as devanditas cruces pétreas. En efecto, estas obras, cicais as máis enraizadas e espalladas por Galicia, de cuxa paisaxe, trátase das terras do interior ou das xa próximas ó mar, son ingrediente esencial e definitorio, posúen en Castelao non só ó seu mellor e máis certo investigador, senón tamén ó seu principal valedor, ó auténtico impulsor da súa recuperación e, por conseguinte, da súa defensa. Cicais resulte extraño na actualidade este último xuicio. Sin embargo, non sorprenderá a quen saiba do escaso interés, cando non desprezo explícito, de que foran obxeto os cruceiros a finais do século pasado e nos primeiros anos do presente.

Tres momentos fundamentais hai que salientar ó examina-la actividade de Castelao en relación coas cruces de pedra. Sitúase o primeiro en 1930. Neste ano, concretamente o 15 de maio, sae do prelo en Pontevedra, publicado polo Seminario de Estudos Galegos, o seu traballo sobre "As cruces de pedra na Bretaña". Recollíanse neste libro os resultados de catro meses de investigación pasados naquel país -tamén un Finisterre atlántico, como é ben sabido- durante a primaveira e verán de 1929.

O segundo fito prodúcese o 25 de xullo de 1934. Neste día, cuxa forza simbólica dificilmente pode pasar desapercibida, ten lugar o solemne acto do seu ingreso como Numerario na Real Academia Galega. O seu discurso versou sobre *As cruces de pedra na Galiza* (1). Compendiaba Castelao neste traballo, certamente breve, o inmenso caudal de información que, axuntado durante varios anos, debería ter culminado pouco tempo despois nunha gran obra co mesmo título. As pe-

(1) A súa publicación, non obstante, demorárase ata o ano 1964.

culiares e tráxicas circunstancias en que, sobre todo a partir do 18 de xullo de 1936, se ve inmerso o noso autor, obrigado a exiliarse na Arxentina, farán que ese libro tarde algúns anos en ofrecerse ó público. A súa aparición en Bos Aires, publicado pola Editorial Nós, marcará xustamente ese terceiro gran momento máis enriba indicado. Hai que datar este suceso, en realidade, en 1950, pois, anque o primeiro prego do libro foi tirado no mes de nadal de 1949, tal feito tiña como única e exclusiva finalidade -así se sinala expresamente no Colofón- permitir que Castelao, que morrería poucos días despois, exactamente o sete de xaneiro, poidera firmar os correspondentes ós exemplares especiais e numerados. Desgraciadamente, polo tanto, o estudio a cuxa confección tantos anos e tantos esforzos dedicara, non chegou a vélo impreso na súa totalidade.

A valoración do traballo de Castelao con respecto ás cruces de pedra en xeral e, moi en particular, ós cruceiros, nos que basarei os meus comentarios, ten que facerse, necesaria e inexcusablemente, cunha dobre perspectiva: por unha banda, situándose nos anos en que el o levou a cabo; por outra, tratando de ver, desde hoxe, a súa posible vixencia, ata onde alcanza a súa validez.

Polo que se refire ó primeiro punto reseñado, xa dixen ó principio que Castelao contribuíu de modo decisivo e decidido a recuperar para a investigación uns monumentos ata entón esquecidos e, incluso, marxidados claramente por algúns escritores. O impacto da evolución poética da arte contemporánea, sobre todo no que a recoñecimento e consideración da arte popular e primitiva se refire, e, por outra parte, a súa propia e radical "conversión" a Galicia, isto é, a súa perfecta sintonía con todo aquilo que rezumaba galeguidade -e non hai dúbida de que nos cruceiros se transparenta con nitidez ese espírito-, están na raíz verdadeira da súa innegable preocupación pola súa detida análise.

Ademais do que antecede, dous factores deben salientarse tamén moi especialmente no seu labor. Diante de todo, a superación do localismo. Dende o comenzo da súa tarefa -alude a isto nas "Verbas limiares" do seu libro sobre Bretaña-, Castelao é plenamente consciente de que o cruceiro non é unha creación típicamente galega, por máis que aquí gozara dun favor excepcional, primordialmente a partir dos séculos do Barroco. Esta creencia levarao a ocuparse do examen de monumentos semellantes noutras latitudes e, o que resulta aínda máis trascendental, impulsarao a trasladarse a outro país -Bretaña- para estudar sobre o terreo as súas cruces de pedra, os seus Calvarios, tan semellantes no formal pero, á vez tamén, con tantas peculiaridades diferenciadoras das dos cruceiros existentes en Galicia. Vai se-la comparación dos modelos bretóns cos galegos a que, curiosamente, lle vai permitir sistematizar, nos seus datos esenciais, os rasgos máis xenuinos dos monumentos ubicados no último territorio citado.

O interés de Castelao, sin embargo, non vai centrarse somentes en cuestións formais, por importantes e significativas que éstas sexan (a súa orixe, a súa expansión, os seus artífices, as súas tipoloxías, as representacións máis habituais, etc.). Un dos aspectos fundamentais do seu traballo, non sempre destacado como se merece, foi o ter sabido aproximarse ó cruceiro tamén desde un punto de vista conceptual, con espírito de etnólogo, isto é, o terse percatado de que nacía para cumprir unha misión concreta nun contexto preciso, privado do cal quedaba mu-

tilado, falto da súa máis íntima esencia, do que verdadeiramente lle daba contido. A valoración do emplazamento, reveladora normalmente das causas determinantes da súa erección, e a insistencia reiterada na necesidade de recolle-las tradicións, prácticas e lendas relacionadas con cada un, convertido en precioso e casi irremplazable obxecto de devoción popular, son proba inequívoca da súa clara comprensión da dobre óptica con que hai que achegarse a estes monumentos para captalos íntegramente.

Xuzgadas desde hoxe, as aportacións de Castelao resultan tamén admirables e, en ocasións, incluso sorprendentes. En efecto, a pesar dos medios de que dispomos na actualidade, moi superiores ós que existían na súa época, a súa obra aínda non foi superada como conxunto, como totalidade. Anque estea convertido xa nun simple tópico, non pode silenciarse que o seu libro *As cruces de pedra na Galiza* segue a se-lo punto de partida obrigado para toda investigación que verse sobre os cruceiros. Ata tal extremo isto é así, que os estudos publicados con posterioridade a 1950, sexan de carácter xeral ou parcial, sobre asuntos ou ámbitos moi definidos, non fan outra cousa que repetir casi literalmente as súas conclusións (as innovacións, que as hai, afectan as máis das veces a aspectos puramente marxinais, sen ningunha trascendencia).

Esta situación, no fondo fel reflexo da escasa atención que prestaron e, en parte, aínda prestan os investigadores a estes monumentos, de ningún modo satisfaría a Castelao. El mesmo estaba convencido do carácter inconcluso do seu traballo, reclamando xa no crítico e pesimista "Envío" do seu gran libro, datado o 20 de xullo de 1946, día da finalización da redacción do texto definitivo, se ben a edición non se imprimíu ata uns anos máis tarde, a imprescindible continuación da súa actividade. Faise esta tarefa aínda máis acuciante ó constatar que algunhas das súas hipóteses dificilmente poden seguir aceptándose no estado actual dos nosos coñecementos. Temas como a orixe e procedencia dos cruceiros ou a data da súa introducción en Galicia, por mencionar tan só dous dos máis sobresaíntes e significativos, reclaman con forza respostas máis satisfactorias e convincentes que as ofrecidas polo noso eximio polígrafo.

Parece evidente, polo que precede, que, lonxe de encontrarnos con todo resolto, é moito o que aínda queda por facer en relación con estes peculiares monumentos. Agora ben, só a elaboración de inventarios minuciosos e exhaustivos según territorios ou demarcacións ben delimitadas (2) e a recollida sistemática de información etnolóxica, misión esta última moi urxente, casi dramática, debido á perda paulatina das tradicións e cultos que a eles se vinculan, permitirán acometer con suficientes garantías tanto esas como outras cuestións. Entre elas, non é a de menor entidade o intentar establece-las tipoloxías e variacións formais e/ou conceptuais que poida haber según zonas ou comarcas.

(2) O libro de M. Reimóndez Portela, *Cruceiros e Cruces do Nordeste da Provincia de Pontevedra*, Pontevedra, 1986, por remitirme unicamente ó estudio impreso que, ata hoxe, recolle un maior número de pezas e cataloga unha superficie máis dilatada, é, desde este punto de vista, verdadeiramente modélico e, por iso, digno de imitación e continuación naquelas zonas de Galicia que aínda non posúen traballos semellantes.

A aclaración de interrogantes como os referidos ou, cando menos, a realización de solventes estudos a iso encamiñados, é, sen lugar a dúbidas, a mellor homenaxe que cabe tributar hoxe á memoria de quen, durante casi un cuarto de século, sobrepóndose a circunstancias e situacións por veces cruelmente adversas, fixo da análise apaixonada destas obras, os cruceiros, un dos eixos rectores do seu fecundo labor cotián.